Deputación DA CORUÑA

# MEMORIA

# PROXECTO VOLWE

"Networking on the role volunteering in local welfare and integration policies"

# 2011-2013

VOLWE

## 1. INTRODUCCIÓN

O proxecto “Network on the role volunteering in local welfare and integration policies”, foi presentado á Comisión europea en xaneiro de 2011, sendo aprobado por dita Comisión en maio de 2011.

Neste proxecto a Deputación Provincial da Coruña participa en calidade de socio xunto con Trolshattan (Suecia), Mölndal (Suecia), South Ostrobothnia (Finlandia), Fontevivo (Italia), Bassa Atesina (Italia) e Union Terre Verdiane (Italia). O coordinador do proxecto é o concello de Fontevivo (Italia).

**UNION TERRE VERDIANE**

Terre Verdiane é unha unión composta por dez municipios (Busseto Fidenza, Fontanellato Fontevivo, Roccabianca, Salsomaggiore Terme, San Secondo Parmense, Sissa, Soragna e Trecasali), localizada no noroeste da provincial de Parma e a súa población engloba a un total de 78.000 habitantes.

A union é unha forma de organización creada polos municipios coa finalidade de compartir e xestionar de forma máis eficiente certos servizos. Actualmente a Unión proporciona os seguintes servizos: policía local, protección civil, educación e formación, proxectos europeos e relación interrexionais e rexistro da propiedade.

Ademais de estos, a Union é responsable para algúns proxectos específicos: Novas tecnoloxías nas escolas; Desenvolvemento dunha rede de internet de banda ancha, Desenvolvemento de estratéxicas turísticas conxuntas.

Os datos principais datos demográficos son os seguintes:
Preescolar (de 0 a 6 anos)=5.342 persoas
Nenos/as en idade escolar (dos 7 ós 14 anos)=5.692 persoas
Xente xoven (de 15 a 19 anos)=12.522 persoas
Cidadáns (de 30 a 65 anos)=43.426 persoas
Poboación maior de 65 anos=19.952 persoas

PARTICIPACIÓN DE UNION TERRE VERDIANE EN PROXECTOS EUROPEOS

Para os gobernos locais unirse a un ou varios proxectos europeos significa tratar con outros países, que traballan no ámbito internacional, a busca de solucións innovadoras para mellorar y desenvolver as iniciativas locais.
No tema social, o amplio ámbito europeo permite extender as experiencias positivas que están territorialmente activas, promover a participación dos grupos de traballo xa establecidos (por exemplo Piani di Zona), comprender as experiencias dos demais e valorar o seu propio traballo, experimentar novas formas e novas ferramentas para facer o servizo máis aceitado ás necesidades da cidadanía, de conformidade coas leis nacionais e os recursos económicos e humanos.

A Deputación Provincial da Coruña participa neste proxecto á proposta do diputado presidente da Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística.
Cando se produce o cambio na corporación provincial, a nova deputada presidenta da Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística decide continuar coa participación en dito proxecto.

## 2. OBXECTIVOS

Os principais obxetivos deste proxecto son:

- Coñecer a natureza, especificidade e as leis de sobre a Organización do Terceiro Sector en tódolos países.
- Coñecer os diferentes sistemas de relacións entre as Administracións Públicas e o Terceiro Sector en cada país.
- Intercambiar experiencias significativas na relación entre as Administracións Públicas e o Terceiro Sector.
- Etc.

## 3. METODOLOXÍA

A metodoloxía de traballo esta baseada en seis reunións ou encontros (unha por cada un dos países socios):

- Unha primeira reunión de coordinación .
- Un encontro de presentación das políticas de cada país: estrutura dos sistemas locais, a presenza de organizacións de voluntariado, marco xurídico, cooperación, benestar social, etc.
- Un evento no que analizar as posibles accións de mellora.

- Un evento para detallar as accións e a comparacións de métodos e contidos.
- Un evento para compartir a realización de accións experimentais e medir a eficacia dos resultados.
- Un evento final no que se establezan as bases de cooperación no futuro e para próximos proxectos.

As fases do proxecto foron as seguintes:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Fase de preparación | Fase de presentación | Fase de aprobación | Fase de implementación | Fase avaliativa e xustificativa |

### 3.1. ENCONTROS TRANSNACIONAIS

3.1.1. ENCONTRO TRANSNACIONAL (TROLHATTAN, 29 de agosto-1 de setembro de 2011)

Entre os días 29 de agosto e 1 de setembro de 2011 tivo lugar a primeira reunión de coordinación do proxecto en Trolhattan (Suecia), na que se definiron os aspectos técnicos, económicos, organizativos, etc. do proxecto.

Neste encontro, a Deputación Provincial da Coruña realizou unha presentación da súa estrutura, finalidades e organización. Así mesmo presentou a Sección de Servizos Sociais e as súas áreas de traballo así como o seu organigrama.

Fíxose un resumo dos proxectos europeos nos que participou a Deputación nos últimos anos e os resultados acadados.

Os restantes socios do proxecto fixeron unha presentación similar á da Deputación, facendo un resumo das súas organización de procedencia, áreas de traballo e programas así como da situación do voluntariado en cada un dos seus países, a nivel nacional, comarcal e local.

Posteriormente ás presentacións dos diferentes países socios tiveron lugar distintas reunións de coordinación e unha visita a un centro de día para persoas maiores.

Os principais acordos ós que se chegou nestas reunións de coordinación foron os seguintes:

- Respecto do orzamento do proxecto, cada un dos países socios recibirá unha cantidade económica en función do número de prazas e persoas asistentes a nivel local e internacional. Cada un dos eventos ten un número de prazas predeterminado e o custe/praza ven determinado pola Comisión Europea.
- Cada unha das delegacións socias recibe un prepago 50 % do financiamento, calculado en base os criterios anteriormente explicados, ó inicio do proxecto e o outro 50 % ó finalizar o mesmo.

- Decidiuse ademais repartir os gastos de coordinación do proxecto entre os diferentes países socios para apoialos un pouco económicamente, xa que o financiamento recibido é un pouco limitado.
- Os coordinadores do proxecto elaborarán ó final do proxecto unha publicación final do mesmo e a mesma publicación en formato CD. Ademais adicarase unha parte do orzamento destinado á publicidade á elaboración da páxina web do proxecto.
- Decidiuse entre todos os socios do proxecto a elaboración dun logotipo como imaxe do proxecto VOLWE. Os coordinadores do proxecto foron os encargados da súa elaboración.
- Decidiuse que o instrumento para a avaliación dos diferentes encontros sería un cuestionario de avaliación, con preguntas iguais para todos os eventos, que as persoas participantes cubrirían e entregarían ó finalizar o encontro.
- Recordouse a importancia do rexistro de persoas participantes para a recepción da contía final do importe financiado. Este rexistro realizaríase a través dunhas follas de firmas cun modelo previamente establecido pola Comisión Europea.
- Decidiuse ademais que a comunicación interna do proxecto se realizaría a través do correo electrónico mentras que todos os socios do proxecto teñen completa liberdade para realizar a comunicación externa e difusión do proxecto da maneira que consideren máis axeitada (páxina web, edición de materiais, notas de prensa, radio, artigos de prensa, etc.).

A temporalización do proxecto, inicialmente prevista, seguirá a seguinte liña cronolóxica:

| **ENCONTRO** | **DATA** |
|---|---|
| A Coruña | 16/01/2012 |
| Bassa Atesina | 16/04/2012 |
| South Ostrobothnia | 10 de setembro de 2012 |
| Mölndal | 17 de xaneiro de 2013 |
| Fontevivo | 26 de maio de 2013 |

TÁBOA 1: TEMPORALIZACIÓN PROXECTO VOLWE

### 3.1.2. ENCONTRO TRANSNACIONAL (A CORUÑA- 16-19 de xaneiro de 2012)



#### 3.1.2.1. INTRODUCCIÓN E FASE DE PREPARACIÓN

O encontro transnacional da Coruña tivo lugar entre os días 16 e 19 de xaneiro de 2012 baixo a temática Marco normativo e situación actual das entidades de voluntariado.

Coa finalidade de acadar o maior número de participación posible dentro do encontro e tendo en conta que a Deputación da Coruña non xestiona directamente ningún programa de voluntariado senón que apoia ós concellos e ás entidades sen ánimo de lucro na súa realización, decidiuse contactar co Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais para solicitar unha listaxe daquelas entidades con programas de voluntariado dentro da provincia da Coruña.

Esta listaxe permitiunos poñernos en contacto con todas estas entidades para convocar unha reunión na que poder presentar o proxecto VOLWE, as súas finalidades e fases. A intención desta reunión foi poder crear un grupo estable de traballo a nivel local que posteriormente pasaremos a describir.

As entidades participantes neste encontro transnacional foron: Persoal da Sección de Servizos Sociais e Unión Europea da Deputación Provincial da Coruña, F.A.X.P.G., Asociación A.S.P.R.O.N.A.G.A., Fundación Ronsel, Cáritas, Asociación Down Coruña, Asociación A.S.P.A.C.E., Concello de Santiago de Compostela, Concello de Riveira, Asociación C .O.G.A.M.I., Concello de Cambre, Cruz Vermella, Asociación Ecos do Sur, Concello de Oleiros, Oficina da Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña, Concello de Ames, Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e Fundación Paideia, Asociación A Creba, A.M.A.R.A.I. e A.G.A.D.E.A.

Así mesmo participaron 24 representantes dos socios do proxecto, 4 participantes por cada un dos socios, tal e como se recollía no proxecto.

| TIPO DE ENTIDADE | NÚMERO DE ENTIDADES | NÚMERO DE PERSOAS PARTICIPANTES |
|---|---|---|
| CONCELLOS | 5 | 7 |
| ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO | 13 | 40 |
| OUTRAS | 3 | 3 |
| PERSOAS PARTICIPANTES INTERNACIONAIS | 6 | 24 |
| PERSOAS PARTICIPANTES DEPUTACIÓN PROVINCIAL | 1 | 10 |
| **TOTAIS** | **27** | **84** |

TABOA 2. PARTICIPACIÓN ENCONTRO TRANSNACIONAL CORUÑA

Polo tanto, a participación no encontro da Coruña superou en 20 persoas o número marcado polo proxecto.

A fase de preparación supuxo tamén todo o traballo previo ó evento como foi a organización do aloxamento e manutención das persoas procedentes das diferentes delegacións dos países socios, a organización do transporte de/dende o aeroporto e o transporte para as distintas visitas, reserva de salas para a realización das xornadas, contratación do servizos de tradución e interpretación, contacto coas distintas persoas poñentes, reservas do Pazo de Mariñán, elaboración e tradución das ponencias, colaboración coa Imprenta Provincial para a elaboración dos materiais, difusión do proxecto, contacto e colaboración co Departamento de Prensa, comunicacións e inscricións, etc.

3.1.2.2. PROGRAMA DO ENCONTRO E FASE DE IMPLEMENTACIÓN

O día 16 de xaneiro de 2012 tivo lugar a chegada dos diferentes socios do proxecto e procedeuse á súa benvida e recepción. Posteriomente tivo lugar unha cea de benvida.

As xornadas do encontro, o día 17 de xaneiro, comezaron coa benvida institucional por parte da Presidencia da Deputación e a Presidencia da Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística, e continuaron coa presentación das delegacións socias de Union Terre Verdiane, Fontevivo e Bassa Atesina (Italia) e Trolshattan (Suecia).

Posteriormente tivo lugar a primeira mesa redonda que comezou coa intervención da persoa representante da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, que fixo unha pequena introdución acerca da lexislación a nivel estatal e autonómico en materia de voluntariado, os

seus antecedentes e as modificacións introducidas pola Lei 10/2011, do 28 de novembro, de Acción Voluntaria.

A persoa representante do concello de Cambre fixo unha contextualización da súa entidade local así como do seu contexto social para explicar o Programa municipal de voluntariado como exemplo de xestión e participación da cidadanía.

Posteriormente tivo lugar a presentación dos socios de Mölndal e South Ostrobothnia. Estos socios presentaron o marco normativo e situación actual do voluntariado no seu contexto local.

A segunda mesa redonda da xornada versou sobre a Situación das entidades de voluntariado en Galicia. Nesta mesa redonda participaron representantes das entidades F.A.X.P.G., Fundación Paideia, Asociación A Creba e C.O.G.A.M.I.

O día 18 de xaneiro comezou coa Mesa redonda de Boas prácticas nas entidades de voluntariado en Galicia. Nesta mesa redonda participaron representantes das entidades Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña, Ecos do Sur, ASPRONAGA e Cruz Vermella. Todas estas entidades presentaron iniciativas innovadoras na xestión de programas de voluntariado.

A continuación dividiuse o grupo en dous: as entidades de voluntariado estiveron traballando nunha matriz DAFO sobre debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do seu traballo con programas de voluntariado.

A análise DAFO realizada nos grupos de traballo das entidades de voluntariado, identificou como dous principais problemas, comúns ás entidades de tódolos países, a captación do voluntariado xoven así como a permanencia do voluntariado nas asociacións por períodos longos de tempo. Foi en estas dúas problemáticas nas que se baseou o traballo durante todo o desenvolvemento do proxecto.

As persoas socias do proxecto dos diferentes países reunímonos para debater acerca dalgúns aspectos de coordinación do proxecto, elaboración da páxina web, publicación final, seguimento dos grupos locais de traballo e preparación do seguinte encontro.

Pola tarde, as entidades sociais do proxecto desprazáronse ata o Pazo de Mariñán para o xantar e a súa posterior visita. Ademais realizaron unha visita turística á zona de Betanzos.

O día 19 de xaneiro foi a última xornada do encontro transnacional, que consistiu nas conclusións xerais do proxecto e a despedida e desprazamento das correspondentes delegacións internacionais.

3.1.2.3. RECURSOS HUMANOS

Os recursos humanos cos que contamos para a realización do encontro transnacional foron os seguintes:

- Persoal da Sección de Servizos Sociais (4 persoas)
- Persoal da Sección da Unión Europea (4 persoas)
- Dous tradutores/intérpretes externos
- Dous intérpretes de lingua de signos externos

Este encontro transnacional contou cun servizo de tradución e interpretación externo, tendo en conta que o idioma do encontro era o inglés pero moitas persoas das entidades participantes non comprenden este idioma polo que de non ter existido non houberan asistido.

Todas as ponencias e presentacións do encontro redactáronse ós dous idiomas (galego/inglés) ó igual que todo o material, etc.

Ademais contamos cun servizo de interpretación da lingua de signos para favorecer a participación das persoas asistentes da F.A.X.P.G. e doutras aquelas que poidan ter cunha deficiencia auditiva.

3.1.2.4. FASE DE AVALIACIÓN E RESULTADOS

3.1.2.4.1. AVALIACIÓN EXTERNA

Tal e como dixemos anteriormente o instrumento empregado para a avaliación dos diferentes encontros é un cuestionario de preguntas pechadas (excepto dous apartados de observacións) igual para todos os encontros, cunha escala de valoración de 0 a 4 en algúns apartados de resposta Si/non (sendo 0 a puntuación que indica que non se participou nunha das actividades, 1 significa non bo, 2-regular, 3-bo e 4-moi bo).

A taxa de resposta do cuestionario foi dun 61, 53 %, xa que contamos coa resposta de 47 cuestionarios respecto dunha poboación de 74 persoas.

Ese cuestionario avalía *os seguintes aspectos*:

Este cuestionario consta dun primeiro apartado para a identificación da persoa participante: país, organización de procedencia e a súa profesión/ocupación. Ademais a persoa ten que indicar se procede dunha ONG, sector público, universidade, empresa ou se trata dunha persoa privada.

O primeiro aspecto a valorar (*1. Por favor, otorga unha puntuación as partes das Xornadas ás que asistiches*) é a organización das diferentes partes e/ou actividades que compoñen a Xornada: Chegada e benvida, cada unha das mesas redondas, os grupos de discusión, o encontro técnico, as presentacións finais e conclusións xerais.

Os resultados obtidos neste apartado son os seguintes:

- Sobre a chegada e benvida o valor promedio está comprendido entre o 3 e o 4 (considérase que a Chegada e benvida foron boas-moi boas).
- Sobre a Mesa Redonda 1 o valor promedio está comprendido entre o 2 e o 3 (Considérase que a mesa redonda 1 foi regular-boa).
- Sobre a Mesa Redonda 2 o valor promedio está comprendido entre o 2 e o 3 (Considérase que a mesa redonda 2 foi regular-boa).
- Sobre o primeiro grupo de traballo o valor promedio está comprendido entre o 3 e o 4 (considérase que o primeiro grupo de traballo foi bo-moi bo). 13 persoas (o 27,66 %) contestaron 0.
- Sobre a Mesa Redonda 3 o valor promedio está comprendido entre o 3 e o 4 (considérase que a mesa redonda 3 foi boa-moi boa).
- Sobre o segundo grupo de traballo o valor promedio está comprendido entre o 3 e o 4 (considérase que o segundo grupo de traballo foi bo-moi bo).
- Sobre a reunión técnica o valor promedio está comprendido entre o 3 e o 4 (considérase que a reunión técnica foi boa-moi boa). 9 persoas (o 19,15%) responderon 0.
- Sobre as conclusións xerais o valor promedio está comprendido entre o 3 e o 4 (considérase que as conclusión xerais foron boas e moi boas). 11 persoas (o 23,40 %) contestaron 0.
- Sobre as presentacións finais o valor promedio está comprendido entre o 3 e o 4, considérase que foron boas ou moi boas. 11 persoas (o 23,40 %) contestaron 0.

As seguintes preguntas do cuestionario son de resposta Si/non:

2. ¿Consideras que os temas das Xornadas se cubriron de forma satisfactoria?

A esta pregunta 38 persoas (o 80,85 %) contestaron que sí e 7 persoas (o 14,89 %) contestaron que non.

3. ¿Fixeches algún contacto durante ás xornadas útil para o futuro?

A esta pregunta 40 persoas contestaron que sí (o 85,11 %) e 6 persoas (o 4,44 %) contestaron que non.

4. ¿Estabas informado/a de que se trataba dun proxecto europeo no que participaches?

A esta pregunta 43 persoas (o 91,49 %) responderon que sí e 3 (o 6,38 %) persoas responderon que non.

5. ¿Aprendiches algo novo acerca dos outros países?

A esta pregunta 46 persoas (o 97,87 %) contestaron que sí e 1 persoa (o 2,13 %) contestou que non.

6. ¿Recibiches algún coñecemento novo acerca de voluntariado?

A esta pregunta 43 persoas (o 91,49 %) responderon que sí e 4 persoas (o 8,51 %) responderon que non.

7. ¿Cómo respondeu o encontro ás túas expectativas?

11 persoas (o 23,40 %) responderon que as súas expectativas foron completamente cubertas, 33 persoas responderon (o 70,21 %) que as expectativas cumpríronse en parte, 2 persoas (o 4,25 %) responderon que as súas expectativas non se cumpriron e 1 persoa (o 2,13 %) non contestou.

8. Cómo foi a organización da conferencia?

Os resultados obtidos neste apartado son os seguintes:

- Sobre o lugar o valor promedio está comprendido entre o 3 e o 4 (bo-moi bo).
- Sobre a comunicación interna o valor promedio está comprendido entre o 2 e o 32 (regular-bo).
- Sobre a comunicación externa o valor promedio está comprendido entre o 2 e o 3 (regular-bo).
- Sobre o soporte o valor promedio está comprendido entre o 3 e o 4 (bo-moi bo).
- Sobre as comidas o valor promedio está comprendido entre o 3 e o 4 (boas-moi boas).
- Sobre o aloxamento o valor promedio está comprendido entre o 3 e o 4 (bo-moi bo).
- Sobre os outros aspectos o valor promedio está comprendido entre o 3 e o 4 (bos-moi bos).

*Os principais comentarios e suxestións son sobre o tempo para as exposicións, os grupos de traballo, os horarios, a tradución, etc.*

A tradución consecutiva empregada nas xornadas foi un dos principais inconvenientes salientados polas persoas asistentes xa que fixo que a duración das xornadas se estendese máis do previsto pero hai que ter en conta que o orzamento dispoñible para as xornadas non permitía a contratación dun servizo de tradución simultánea e realizar as xornadas sen un servizo de tradución sería totalmente inviable xa que a maioría das persoas participantes, procedentes das entidades de acción social, non dominan o inglés polo que non terían asistido.

#### 3.1.2.4.2. AVALIACIÓN INTERNA

Valórase moi positivamente a participación e implicación obtida por parte das entidades de voluntariado, que se implicaron moi activamente na realización da xornada.

Valorase tamén moi positivamente a implicación das distintas seccións e persoal participante na realización da xornada.

A tradución das ponencias e o apoio en soporte papel facilitou enormemente a tarefa das persoas encargadas da tradución e interpretación así como a comprensión das persoas asistentes, a nivel local e internacional.

Acerca da avaliación interna do encontro podemos sacar as seguintes conclusións e propostas de mellora:

- As mesas redondas plantexadas tiñan moito contido polo que sería máis tempo para a súa realización.
- Sería necesario deixar máis tempo para imprevistos xa que as intervencións das distintas persoas poñentes se estenderon no tempo.
- O sistema de tradución e interpretación debería ser un servizo de tradución simultánea xa que o sistema de tradución consecutiva rouba moito tempo ás intervencións. Descartouse o sistema de tradución simultánea por resultar excesivamente caro pero é un punto fundamental para o bo desenvolvemento das xornadas.
- O tempo para o traballo grupal das entidades de voluntariado participantes resultou algo escaso pola temática tratada.

### 3.1.3. ENCONTRO TRANSNACIONAL (Bassa Atesina, 14-17 de maio de 2012)



O encontro transnacional de Bassa Atesina tivo lugar entre os días 14 e 17 de maio de 2012.

Este encontro contou coa representación de dúas persoas por parte da F.A.X.P.G., unha persoa voluntaria por parte da Cruz Vermella e unha persoas por parte da Fundación Ronsel. Ademais contou cunha persoa en representación da Deputación.

No encontro de Bassa Atesina presentáronse as boas prácticas de cada un dos países socios.

A Deputación Provincial da Coruña, xa que non conta con proxectos propios de voluntariado, presentou o proxecto X.E.S. (Xuventude Emprendedora Solidaria) da Fundación Ronsel. O proxecto XES é un proxecto que ten como obxectivo acercar os valores de voluntariado e a acción social das entidades de acción voluntaria á comunidade educativa.

Este proxecto conta coa colaboración de diferentes entidades de iniciativa social (ASPRONAGA, SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA, ECODESARROLLO GAIA, ECOS DO SUR, ETC.) que acuden ós centros educativos para falar ós alumnos e alumnas sobre o voluntariado e o traballo das súas diferentes entidades.

Posteriormente a estas charlas, realízanse obradoiros a través do traballo en pequenos grupos, nos que o alumnado elabora un proxecto de acción social para recaudar fondos para unha determinada entidade de acción social. Estes obradoiros teñen unha duración de 20 horas.

Por último ten lugar unha Xornada de presentación de proxectos e entrega de donativos.

Os socios de Bassa Atesina presentaron os proxectos de “DISTRICTS IN MOTION”, “JAWA PROJECT” e “YOUNG CARITAS”.

Os socios de Mölndal (Suecia) presentaron o proxecto de Lindomergarden, un centro onde se realizan actividades interxeneracionais.

Os socios de Union Terre Verdiane e Fontevivo (Italia) presentaron o proxecto de Youth Recruitment.

Os socios de Trolshattan (Suecia) presentaron o proxecto para a dinamización do traballo interxeneracional no ámbito local.

Os socios de Bassa Atesina programaron, posteriormente un traballo grupal que consistiu nunha Feira de Información detallada. Esta feira consistiu na constitución de stands permanentes de información, un por cada delegación con dúas persoas da delegación, nos que se ofrece información máis detallada e se responden preguntas sobre as boas prácticas presentadas polos de diferentes socios, que sexan de interese pola súa transferibilidade.

No terceiro día da xornada o grupo dividiuse en dous para o traballo grupal: por un lado as persoas representantes das entidades de voluntariado estiveron traballando con

diferentes dinámicas de grupo e, por outro lado, as persoas representantes das diferentes entidades sociais do proxecto, reunímonos para organizar o seguinte encontro, realizar un seguimento do proxecto, establecer os canles de comunicación, etc.

Posteriormente realizouse unha visita ó centro ocupacional de Kurtatsch, que conta con persoas usuarias con diversidade funcional. Realizouse unha visita as instalacións e profesionais do centro explicaron o seu funcionamento, os programas que se executan, etc.

### 3.1.4. ENCONTRO TRASNACIONAL (South Ostrobothnia, 16-19 de setembro de 2012)



O encontro transnacional de South Ostrobothnia (Finlandia) tivo lugar entre os días 16 e 19 de xaneiro de 2012.

A finalidade deste encontro foi a presentación do deseño dos diferentes proxectos/boas prácticas elaborados por cada un dos países socios, baseados nas boas prácticas dos outros países presentados no encontro anterior.

A Deputación Provincial da Coruña presentou as propostas de mellor para a implementación do proxecto X.E.S. Posteriormente este proxecto tivo que ser modificado para adaptalo ó contexto do grupo de traballo e decidiuse realizar o proxecto do Día temático sobre

voluntariado, que será explicado a continuación. Este proxecto está baseado no proxecto Jawa de Bassa Atesina (Italia) e  o proxecto Lindomegarden de Mölndal (Suecia).

Os socios de Bassa Atesina (Italia) presentaron un proxecto baseado no proxecto X.E.S. da Fundación Ronsel, que pretende unha aproximación do concepto do voluntariado ós centros educativos da súa comarca. Este proxecto ten como grupo destinatario a xoves con idades ó redor do 14 anos.

Os socios de Mölndal (Suecia) fixeron a presentación da súa idea de proxecto baseada no proxecto de "Districts in motion" de Bassa Atesina (Italia). O nome do proxecto sería "Aby in motion" e pretende crear un espazo para a participación cidadá a través da constitución dunha asamblea de participación.

Os socios de Trolshattan (Suecia) presentaron un proxecto baseado no proxecto Lindomegarden de Mölndal (Suecia), coa finalidade de impulsar o traballo interxeneracional na súa comunidade local.

Os socios de Fontevivo e Union Terre Verdiane (Italia) presentaron os proxectos "We too" e "We too free time", baseados no proxecto Jawa de Bassa Atesina (Italia). Este proxecto está dirixido a persoas con idades comprendidas entre os 14 e os 16 anos.

Os socios de South Ostrobothnia presentaron o seu proxecto para a dinamización da "House of Associations".

Ademais as persoas representantes das entidades de voluntariado tiveron tempo para o traballo en grupo a través da dinámica do World Café. Esta dinámica consiste na división en grupos de traballo (neste caso 4 grupos de traballo) para o tratamento de diferentes temáticas: Utilización das redes sociais para a comunicación externa e interna do proxecto VOLWE, Novas fontes de financiamento para as entidades de voluntariado, Coordinación entre a Administración Pública e as diferentes entidades, Ideas para a permanencia do voluntario/a na organización.

As principais conclusións obtidas desta dinámica de traballo foron as seguintes:

- Respecto da utilización das redes sociais, as propostas estaban relacionadas coa utilización de Facebook, Twitter, etc. para a difusión do proxecto VOLWE e o fortalecemento da comunicación interna do grupo de traballo.
- Sobre as novas fontes de financiamento, as propostas son a venda de productos, as cuotas de persoas socias, etc. A delegación finlandesa expuxo que en Finlandia o financiamento de proxectos de acción social, realízase a través da recaudación das máquinas tragaperras.
- Sobre a relación entre a Administración Pública e as organizacións, é importanteque non se de unha duplicidade dos recursos e que a Administración Pública exerza un control sobre a xestión das diferentes organizacións.

- Sobre o mantemento e permanencia das persoas voluntarias nas organizacións, tratouse o tema dende o punto de vista do fomento da motivación e resposta ás necesidades e expectativas das persoas voluntarias.

De forma paralela as representacións dos países socios se reuniron para tratar temas de coordinación, seguimento do proxecto, elaboración de material final, preparación do encontro de Mölndal (Suecia), etc.

### 3.1.5. ENCONTRO TRANSNACIONAL (Mölndal, 28-31 de xaneiro de 2013)

O encontro de Mölndal (Suecia) tivo lugar entre os días 28 e 31 de xaneiro de 2013. Neste encontro tratouse o tema das propostas de avaliación dos proxectos presentados polos diferentes países socios no encontro anterior.

No segundo día de xornada realizouse unha introdución teórica á perspectiva da avaliación por parte acompañada dun obradoiro práctico.

Os diferentes países presentaron as súas propostas avaliativas para as boas prácticas presentadas no encontro anterior.

No seguinte día de xornada realizáronse dous grupos de traballo, un para as entidades de voluntariado e outro para as delegacións dos países socios do proxecto.

No grupo de traballo das distintas delegacións do proxecto estivemos traballando diferentes cuestións de coordinación e seguimento do proxecto, documentación, páxina web, informe final e xustificación.

Como fin de xornada aproveitamos para visitar o centro de Lindomegarden, onde se desenvolven diferentes actividades interxeneracionais.

### 3.1.6. ENCONTRO TRANSNACIONAL (Fontevivo, 21-24 de maio de 2013)

O encontro transnacional de Fontevivo tivo lugar entre os días 21 e 24 de maio de 2013. Este encontro serviu de peche do proxecto en el trataronse os temas finais de resultados parciais das boas prácticas implementadas.

Os diferentes socios presentaron os resultados parciais das boas prácticas presentadas así como as conclusións de traballo durante os dous anos de duración do proxecto VOLWE.

Os coordinadores do proxecto presentaron ós restantes socios dous novos proxectos para a continuación e seguimento do proxecto VOLWE.

Contamos ademais coa intervención dunha ex parlamentaria europea que nos presentou a Estratexia Europa 2020 e as súas posibles vías de financiamento así como as posibles liñas de

proxectos para o período 2014-2020. Tamén estivo presente un representante do SERN que nos falou do seu papel como coordinadores de diferentes proxectos europeos.

Tivemos a oportunidade de participar en dúas mesas redondas con representantes das distintas delegacións dos países socios e representantes das asociacións de voluntariado locais, nas que se tratou o tema dos elementos de calidade do proxecto VOLWE e os retos de futuro.

Por último acudimos a un centro de día e residencia de persoas maiores "Lorenzo Peracchi".

### 3.2. GRUPO DE TRABALLO LOCAL

A Deputación Provincial da Coruña, tendo en conta que non xestiona directamente programas de voluntariado senón que apoia ás entidades locais e entidades sen ánimo de lucro da provincia no desenvolvemento dos mesmos, decidiu contactar e implicar a diferentes entidades no desenvolvemento do proxecto VOLWE.

Con este motivo constituiuse un grupo de traballo composto polas seguintes entidades: Concello de Cambre, ASPRONAGA, Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC, Cruz Vermella, Down Coruña, FAXPG e Fundación Ronsel.

As primeiras reunión do grupo de traballo tiveron lugar antes da celebración do encontro transnacional do proxecto VOLWE o 2 e 12 de decembro de 2011 respectivamente, para a presentación do proxecto VOLWE, os seus obxectivos, entidades socias, metodoloxía, etc.

Nestas reunións participaron as seguintes entidades: FUNDACIÓN PAIDEIA, ASPACE, GRUMICO, ECOS DO SUR, CONCELLO DE OLEIROS, CONCELLO DE ARTEIXO, FAXPG, CARITAS, COGAMI, ASPRONAGA, CONCELLO DE SANTIAGO, CONCELLO DE CAMBRE, ASPABER, FUNDAICÓN RONSEL, ASOCIACIÓN A CREBA, OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO DA UDC e AMARAI.

A segunda reunión do grupo de traballo tivo lugar o día 30 de marzo de 2012. As cuestións a tratar dentro deste evento foron as seguintes:

- Presentación de resultados da análise DAFO do Encontro transnacional celebrado en A Coruña entre os días 16 e 19 de xaneiro de 2012.
- Presentación dos datos da avaliación do Encontro transnacional celebrado en A Coruña entre os días 16 e 19 de xaneiro de 2012.
- Presentación do próximo evento do proxecto: Datas e temáticas.
- Seguimento do proxecto.

A terceira reunión do proxecto tivo lugar 27 de abril de 2012. Nesta reunión tratáronse as seguintes temáticas: A captación do voluntariado xoven e a permanencia do voluntariado nas organizacións.

As entidades traballaron a través dunha matriz DAFO para extraer os resultados coa intención de expoñelos no encontro de Bassa Atesina.
Ademais tratouse o tema da presentación do proxecto XES (Xuventude Emprendedora Solidaria) da Fundación Ronsel como exemplo de boa práctica.
Finalmente tratouse a participación da Fundación, FAXPG e Cruz Vermella no encontro transnacional de Bassa Atesina xunto coa persoa representante da Deputación.
A cuarta reunión do proxecto VOLWE tivo lugar o día 7 de xuño de 2012.
A quinta reunión do proxecto tivo lugar o día 13 de setembro de 2012
O día 15 de novembro de 2012 celebrouse a sexta reunión do grupo de traballo. Nesta reunión tratáronse os seguintes temas:

- Conclusión do encontro celebrado en South Ostrobothnia (Finlandia) no mes de setembro de 2012.
- Situación e actualidade do Proxecto VOLWE e planificación de cara ós vindeiros eventos (Tamén comentamos futuros proxectos europeos de acción social e convocatorias abertas, coa colaboración da Sección de Planificación Territorial e Unión Europea).
- Plan de difusión do proxecto e publicación final do proxecto.
- Implementación das propostas de mellora da boa práctica en materia de voluntariado
- Dúbidas e preguntas.

O día 24 de xaneiro de 2013 tivo lugar a sétima reunión de traballo do proxecto VOLWE. Nesta reunión tratáronse os seguintes temas:

- Encontro en Molndal: Programa do encontro, presentación do grupo de traballo do proxecto VOLWE, preparación publicación final, preparación páxina web, etc.
- Implementación do Día temático sobre voluntariado en cinco concellos da provincia da Coruña (Características da actividade, posibles datas, organización e coordinación, contidos, participación das entidades, etc.)
- Finalización do proxecto.
- Viaxe a Molndal (só coas persoas das entidades Fundación Ronsel, Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC e Cruz Vermella).

## 4. DÍA TEMÁTICO SOBRE VOLUNTARIADO

A raíz da participación da Deputación Provincial da Coruña no proxecto VOLWE, e tendo en conta que unha das finalidades do proxecto é a transferencia de boas prácticas de cada un dos países socios ó outro, a institución provincial decidiu realizar unha boa práctica en cinco concellos da provincia da Coruña para a celebración do Día temático sobre voluntariado. Esta boa práctica ven derivada do proxecto JAWA de Bassa Atesina (Italia) e Lindomegarden (Mölndal).

A idea do proxecto é celebrar unha xornada temática sobre voluntariado intentando achegar esta temática á poboación xoven de cada un dos concellos, para fomentar a súa participación social.

Preténdese ademais realizar diferentes actividades interxeneracionais para o intercambio de persoas maiores e persoas xoves.

Outro dos principios nos que se basea esta boa práctica é a transversalidade de xénero aplicada a todas as fases e procesos do proxecto.

Tendo en conta que a Deputación Provincial da Coruña non conta con medios humanos suficientes para a execución da actividade, decidiuse subcontratar o seu deseño, xestión, organización e avaliación, a través dun contrato menor, do que resultou adxudicataria a empresa SENES CIT.

Os concellos previstos para a realización da actividade, atendendo a criterios de poboación xove e que contasen con Institutos de Educación Secundaria foron: Sada, Pontedeume, Teo, Cee e Padrón. O concello de Teo rexeitou a posibilidade de participación na actividade polo que houbo que buscar un concello alternativo que, atendendo ós mesmos criterios anteriormente nomeados, resultou ser o concello de Oroso.

A celebración do Día temático sobre voluntariado tivo lugar en todos os concellos participantes entre os meses de abril e maio de 2013.

As datas concretas de realización en cada un dos concellos foron as seguintes:

| CONCELLO | DATA | HORARIO |
|---|---|---|
| Sada | 6 de abril de 2013 | 10-14 horas |
| Padrón | 19 de abril de 2013 | 10-14 horas |
| Pontedeume | 30 de abril de 2013 | 10-14 horas |
| Cee | 2 de maio de 2013 | 10-14 horas |
| Oroso | 20 de maio de 2013 | 10-14 horas |

TÁBOA 3: TEMPORALIZACIÓN DÍA TEMÁTICO SOBRE VOLUNTARIADO

Este Día temático sobre voluntariado contou coa colaboración dalgunhas das entidades participantes no grupo de traballo: FAXPG, Fundación Ronsel, Down Coruña, Teima Ferrol, Cruz Vermella e Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC.

Ademais participaron na realización do Día temático sobre voluntariado as seguintes entidades locais:

A.S.P.A.C.E., Asociación Suriya, Asociación A Lembranza, Solidariedade Galega co Pobo Saharahui, Solidariedade Internacional de Galicia, Cáritas, A.M.I.P.A., Oficina municipal de voluntariado de Padrón, San Vicente de Paul, Protección civil de Padrón, A.P.E.M., A.S.P.A.D.E.X., Cáritas, Centro social de maiores, Protección Civil, Asociación Andaina, Oficina Municipal de Voluntariado de Oroso, Protección civil de Cee, A.S.PA.N.A.E.S., A.S.C.M., Fundación Einsa, Protección Civil de Pontedeume, Asociación Andaina, Oficina Municipal de Voluntariado de Oroso e Protección Civil de Oroso.

Contamos así mesmo coa colaboración dos seguintes centros educativos:

C.E.I.P. Flavia, C.E.I.P. Rosalía de Castro, I.E.S. Macías Namorado, I.E.S. Bréamo, I.E.S. Fragas do Eume, C.E.I.P Luis Vives, C.E.I.P. San José, C.P.I. Manuela Rial, I.E.S. Fernando Blanco, I.E.S. Agra de Raíces, C.E.I.P. Eugenio López e I.E.S. Oroso.

A actividade da celebración do Día temático sobre voluntariado estivo basada na idea dunha vila, TIC TAC TOWN, a vila do cambio, de maneira que as distintas actividades estaban organizadas en rúas, prazas, parques, etc. e sinalizadas para o seu percorrido.




As principais actividades coas que contou o Día temático sobre voluntariado son:

PASEO DA ESPERANZA: Este paseo estivo composto por stands informativos das diferentes entidades de iniciativa social. Nestes stands as entidades ofrecían material divulgativo e información sobre a actividade da súa entidade. O número de stands informativos variou entre os distintos concellos xa que a participación das entidades variou duns concellos a outros.

MERCADO SOLIDARIO: No mercado solidario ofrecéronse para a venda produtos elaborados por persoas usuarias de diferentes entidades como A.S.P.A.C.E., A.S.C.M., A.S.P.A.N.A.E.S., etc.

XARDÍN DAS HABILIDADES: Diferentes obradoiros sobre elaboración de produtos manuais, aprendizaxe da lingua de signos, expresión corporal, puzzle multicultural, etc.

DESCARGAS CREATIVAS: Diferentes actuacións de tipo cultural, musical, etc. Para estas actuacións contouse coa colaboración de diferentes entidades como corais de persoas maiores, Protección Civil, grupos de folk, grupos de pandeiretas de persoas con diversidade funcional, etc.

COLISIÓNS INFORMATIVAS: Breves charlas de cada unha das entidades presentes no día temático para explicar a actividade das súas entidades e o papel que teñen as persoas voluntarias. Esta actividade estivo aberta a dúbidas e preguntas do público asistente.

CONTADOR DO CAMBIO E CAIXA DE CORREOS PARA O CAMBIO: Foi nesta actividades onde se introduciu a técnica de modificación de conduta da economía de fichas, coa finalidade de favorecer a participación das persoas xoves nas diferentes actividades. As persoas participantes recollían o seu carné de participación á entrada da vila e ían selando ese carné coa súa participación nas diferentes actividades. Unha vez finalizado o percorrido podían depositar o seu carné nunha caixa de correo. Entre as persoas participantes realizouse o sorteo dunha viaxe solidaria para un fin de semana.

ETC.

A participación nos diferentes concellos foi bastante elevada xa que se decidiu contar coa colaboración dos centros educativos.

En total participaron 1.428 persoas, contando o número de persoas asistentes ós cinco concellos.

O número de persoas con idades comprendidas entre os 10 e os 19 anos nestes concellos é de 3.861 persoas, polo que a tasa de poboación alcanzada é do 36,99 % neste rango de idade, que era a poboación obxectivo do noso proxecto.

Para a realización da avaliación do proxecto, realizáronse diferentes cuestionarios que se enviaron ós diferentes axentes implicados: representantes políticos, entidades participantes, persoal técnico municipal e persoal dos centros educativos.

Os resultados alcanzados coa realización da actividade foron moi satisfactorios, destacando os seguintes:

As principais dificultades de mellora atopadas na realización do proxecto son as seguintes:

- Reseñar a dificultade para a captación de poboación xeral e confirmación da súa asistencia. Por elo se cambiou o día para unha xornada lectiva e asegurarnos a visita dos centros escolares.

- Con respecto á poboación escolarizada, a falta de planificación dentro do calendario escolar impediu dispoñer do tempo adecuado e homoxéneo para todos os centros.
- Dilatación no tempo dos contactos previos de Deputación con concellos e entidades participantes.
- Urxencia no plazo para a preparación e coordinación de todos os axentes implicados.
- Falta de comunicación e colaboración de algún persoal pertencente os concellos.

As propostas de mellora realizadas polo persoal que implementou a actividade son as seguintes:

- A realización da actividade con franxa horaria máis longa no dia para facilitar os tempos de asistencia e os tempos de estancia.
- Ubicación en espazo exterior protexido con carpa ou similar en un lugar céntrico e de paso de cada concello para asegurar o interese e asistencia de poboación xeral. Actualmente realizouse en pavillón e nalgún caso algo afastado.
- Poder disponer de máis tempo para a coordinación con entidades, axentes implicados e concellos.

## 5. RECURSOS HUMANOS

Os recursos humanos cos que contamos para a realización do proxecto VOLWE forondúas técnicas da Sección de Servizos Sociais: a técnica de Políticas de Igualdade e outras Políticas Públicas e técnica superior de Servizos Sociais, que levaron durante estes dous anos a xestión, planificación, implementación e avaliación do proxecto.

Tal e como explicamos anteriormente, os Recursos Humanos cos que contamos para a realización do encontro transnacional son os seguintes:

- Persoal da Sección de Servizos Sociais.
- Persoal da Sección da Unión Europea.
- Dous tradutores/intérpretes externos.
- Dous intérpretes de lingua de signos externos.

Este encontro transnacional contou cun servizo de tradución e interpretación externo, tendo en conta que o idioma do encontro era o inglés pero moitas persoas das entidades participantes non comprenden este idioma polo que de non ter existido non houberan asistido.

Para a implementación da boa práctica do proxecto, TIC TAC TOWN, a Deputación Provincial realizou unha contratación externa a través dun contrato menor, resultando adxudicataria a

empresa SENES CIT. Esta empresa foi a encargada de coordinar a todo o persoal especializado para a realización da actividade nos distintos concellos.

## 6. RECURSOS MATERIAIS

Os recursos materiais cos que contou a Deputación da Coruña para a implementación do proxecto VOLWE son os seguintes:

A Deputación Provincial da Coruña contou cun importe de 29.476,42 euros para a realización do proxecto.

A Deputación da Coruña recibe financiamento por importe de 14.476,42 euros. O 50 % (7.238,21 euros) do financiamento recibiuse ó inicio do proxecto e outro 50 % (7.238,21 euros) recibirase á finalización do mesmo. Os custes de coordinación repartíronse a partes iguais entre os distintos países socios.

O importe restante para a implementación do proxecto VOLWE (15.000 euros) correu a cargo da Deputación Provincial da Coruña.

O desglose de gastos dos distintos encontros é o seguinte:

| ENCONTRO | IMPORTE DE GASTO |
|---|---|
| ENCONTRO A CORUÑA | 8.676,90 euros |
| ENCONTRO BASSA ATESINA | 4.411, 85 euros |
| ENCONTRO SOUTH OSTROBOTHNIA | 3.751,58 euros |
| ENCONTRO MÖLNDAL | 2.414,98 euros |
| ENCONTRO FONTEVIVO | 2.122,08 euros |
| **TOTAL GASTOS** | **21.377,39 euros** |

TÁBOA 4: GASTOS IMPLEMENTACIÓN PROXECTO VOLWE

A implementación da boa práctica do Día temático sobre voluntariado, subcontratada externamente, supuxo un importe de gasto de **14.900 euros.**

Polo tanto, o gasto total dos diferentes encontros e implementación da boa práctica son: **36.277,39 euros.**

## 7. TEMPORALIZACIÓN

A temporalización das distintas fases do proxecto VOLWE foi a seguinte:

| FASE | PERIODO |
|---|---|
| Fase de preparación | Xaneiro 2011 |
| Fase de presentación | Xaneiro 2011 |

| | |
|---|---|
| Fase de aprobación | Maio de 2011 |
| Fase de implementación | Agosto 2011-Maio de 2013 |
| Fase avaliativa e xustificativa | Maio- Agosto 2013 |

TÁBOA 5: TEMPORALIZACIÓN PROXECTO VOLWE

## 8. COMUNICACIÓN

### 8.1. COMUNICACIÓN INTERNA

A comunicación interna do proxecto realizouse a través do correo electrónico.

A Deputación Provincial da Coruña habilitou un enderezo electrónico para a xestión do proxecto: volwe@dicoruna.es. A este enderezo electrónico teñen acceso as dúas técnicas da Sección de Servizos Sociais encargadas da xestión do proxecto.

### 8.2. COMUNICACIÓN EXTERNA

A difusión e publicidade do proxecto VOLWE, tanto por parte da Deputación Provincial da Coruña como por parte do resto dos socios do proxecto VOLWE, realizouse a través de diferentes medios:

#### 8.2.1. PÁXINA WEB DO PROXECTO: www.volweproject.eu

Dende comenzos do ano 2012 o proxecto "Network on the role volunteering in local welfare and integration policies" conta cunha páxina web que forma parte do procedemento para a difusión e comunicación interna do proxecto.

Esta páxina web está dispoñible en inglés e conta cos seguintes apartados:

*HOME/ABOUT US/THE PROJECT/EVENTS/CONTACTS/IN PROGRESS*

A pantalla HOME é a pantalla principal da web, onde se atopa a imaxe institucional dos diferentes socios do proxecto así como diferentes fotos dos diferentes países.

No apartado ABOUT US atopamos información xeral acerca de cada un dos países socios, incluindo datos sobre as súas áreas de traballo e principais finalidades.

No apartado de The PROJECT podemos atopar unha descrición xeral do proxecto.

No apartado EVENTS podemos atopar información acerca dos diferentes eventos do proxecto: programas, galería fotográfica, presentacións de cada un dos países socios, etc.

No apartado CONTACTS podemos atopar todos os contactos das entidades socias do proxecto.

#### 8.2.2. PÁXINA WEB DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

www.dicoruna.es/servizos-sociais/gl/area-voluntariadosocial/volwe

Na páxina web da Sección de Servizos Sociais da Deputación Provincial da Coruña, na

Área de Voluntariado Social, publícanse todas as noticias relacionadas co desenvolvemento do proxecto.

Están publicadas ademais todas as ponencias do Encontro transnacional da Coruña en galego e inglés para que poidan ser accesibles a todo o público.

Contamos tamén cun apartado coas ligazóns as diferentes páxinas web das entidades participantes no grupo de traballo.

Contamos tamén cunha ligazón á páxina do proxecto www.volweproject.com

Por último temos un apartado adicado ó desenvolvemento da boa práctica, Día temático sobre voluntariado TIC TAC TOWN.

http://www.dicoruna.es/dicoruna-noticia/servlet/Noticias?accion=2&ver=19&nid=16784

### 8.2.3. PÁXINA WEB DA SECCIÓN DE UNIÓN EUROPEA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

http://proxectoseuropeos.dicoruna.es/index.php/volwe

Na páxina web da Sección de Unión Europea aparece unha descrición xeral do proxecto VOLWE, describindo os obxectivos, duración, actividades, entidades socias, entidades colaboradoras, etc.

### 8.2.4. ARTIGOS DE PRENSA

Algúns dos artigos de prensa publicados en relación co proxecto VOLWE durante toda a súa execución son:

http://www.elidealgallego.com/articulo/coruna/voluntarios-de-toda-europa-analizan-en-la-diputacion-las-necesidades-del-sector/20120118003159011903.htm

http://www.quepasanacosta.com/?p=23249

http://www.diariodeferrol.com/articulo/comarcas/pontedeume-el-dia-del-voluntariado-sera-el-30-en-el-ies-breamo/20130426222730043211.htm

http://www.diariodeferrol.com/articulo/comarcas/pontedeume-unos-280-escolares-participaron-ayer-en-el-dia-do-voluntariado/20130430231153043824.html

http://www.elcorreogallego.es/terras-de-santiago/ecg/feria-voluntariado-acerca-jovenes-comarca-sar-trabajo-altruista/idEdicion-2013-04-20/idNoticia-802388/

http://www.elidealgallego.com/articulo/area-metropolitana/sada-el-pabellon-se-convierte-en-una-gran-villa-para-fomentar-el-voluntariado/20130407012417121487.html

http://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2013/04/05/sada-celebra-dia-voluntariado/709047.html?utm_source=rss

http://ocio.laopinioncoruna.es/agenda/noticias/nws-174623-el-dia-voluntario.html

### 8.2.5. DIFUSIÓN POR PARTE DAS ENTIDADES DO GRUPO DE TRABALLO LOCAL

Achégase unha relación de documentación elaborada por parte das entidades do grupo de traballo para a difusión do proxecto:

http://www.aspronaga.org/esp/documentos/prensa/09_15_abril_2012.pdf

http://fundacionronsel.org/?p=5544

http://www.cruzvermella.org/web/entradab.php?ide=248

http://www.facebook.com/permalink.php?id=161390323910498&story_fbid=150051198480840

https://www.udc.es/ocv/actualidade/volwe.html

https://twitter.com/cruzvermella/status/291873525768257536

### 8.2.6. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS IMPLEMENTACIÓN BOA PRÁCTICA DÍA TEMÁTICO SOBRE VOLUNTARIADO

A boa práctica sobre voluntariado implementada pola Deputación da Coruña, TIC TAC TOWN contou cunha páxina web e redes sociais, coa finalizade de favorecer a difusión do proxecto.

Tanto a páxina web como os dintintos perfís das redes sociais contan con información do proxecto como obxectivos, actividades, percorrido da vila, galería fotográfica, artigos de prensa, vídeos, etc.

Web: www.tictactown.es

Facebook: https://www.facebook.com/tictactown

Twitter: https://twitter.com/tictactown

Youtube: http://www.youtube.com/user/tictactownvideo

### 8.2.7. MATERIAL DE DIFUSIÓN

A Deputación Provincial da Coruña elaborou material, cartaces e libretas, para a difusión do proxecto VOLWE. Este material foi entregado presencialmente ás persoas asistentes ó Encontro transnacional xunto coas carpetas identificadas co nome e organización de procedencia. Estas carpetas contiñan as presentacións en Power Point das diferentes ponencias traducidas ó galego e ó inglés. Este material empregouse tamén vía e-mail para a súa difusión.

Ademais, para a celebración do Día temático sobre voluntariado nos diferentes concellos, a Imprenta Provincial imprimiu material (dípticos ou trípticos e cartaces) a tódalas entidades do

grupo de traballo local para a súa difusión nos stands informativos cos que contaban as diferentes entidades. Isto supuxo a elaboración de máis de 700 cartaces e 4.500 trípticos e/ou dípticos.

## 9. CONCLUSIÓNS

As principais conclusións extraídas dentro do proxecto VOLWE son as seguintes:

- Incremento do coñecemento acerca da lexislación sobre voluntariado, organización institucional e a relación entre a Administración Pública e as diferentes asociacións nos países socios.
- Coñecemento de diferentes métodos de traballo en cada un dos países socios que serviron de base para o nosa boa práctica.
- Coñecemento de accións experimentais de cambio e busca de novos modelos operativos para a súa implementación noutros países.
- Fomento da relación entre a Administración Pública a as entidades do grupo de traballo do proxecto VOLWE.
- Creación dunha rede de traballo a nivel local e internacional entre os diferentes socios do proxecto e as entidades de voluntariado de cada un dos países.
- Incremento da información acerca das diferentes formas de xestión e financiamento das entidades de voluntariado a nivel internacional.
- Coñecemento das diferentes formas de captación e mantemento de voluntariado, obxecto do proxecto.

## 10. DIFICULTADES DETECTADAS E PROPOSTAS DE MELLORA

### 10.1. DIFICULTADES DETECTADAS

As principais dificultades detectadas na implementación do proxecto VOLWE son:

- Falta de estandarización dos procedementos e documentación do proxecto.
- Falta de control da documentación por parte do socio coordinador.
- Necesidade de mellorar a comunicación interna dos socios do proxecto.
- A implicación dalgunhas entidades debido ás barreiras idiomáticas.
- Falta de sistematización metodolóxica, avaliativa, de temporalización e prazos, etc.
- A metodoloxía de traballo, a través dos encontros transnacionais, tendo en conta que os desprazamentos ós distintos encontros son custosos e que se podería ter máis financiamento para o desenvolvemento das boas prácticas a nivel local.
- A falta de previsión e organización do proxecto.
- Etc.

### 10.2. PROPOSTAS DE MELLORA E RETOS DE FUTURO

As principais propostas de mellora para un mellor desenvolvemento do proxecto son as seguintes**:**

- Maior control da documentación e da xestión xeral do proxecto por parte do socio coordinador.
- Creación dunha plataforma telemática para facilitar a comunicación interna.
- Determinación dun sistema de avaliación e seguimento do proxecto ó inicio do mesmo.
- Metodoloxía de traballo mixta (presencial/non presencial).
- Financiamento para as boas prácticas desenvolvidas a nivel local.
- A adaptación e accesibilidade para as persoas con diversidade funcional.
- Introducción da perspectiva de xénero en todo o proxecto.
- Utilización dunha linguaxe neutra.
- Etc.

Os principais retos de futuro en relación co proxecto VOLWE son os seguintes:

- Mantemento da rede de traballo do grupo local composto polas entidades de voluntariado.
- Mantemento da rede de traballo do grupo internacional composto polas entidades socias do proxecto.
- Continuación do Día temático sobre voluntariado en máis concellos da provincia no ano 2014.
- Posible participación en futuros proxectos europeos en relación con diferentes temáticas: igualdade de xénero, servizos sociais, persoas maiores, etc.)
- Realización dunhas xornadas de conclusións do proxecto VOLWE, como mellora do proxecto por parte da Deputación Provincial.
- Etc.